

*RESOLUCIÓN da Comisión de Selección pola que se declaran decaídos do trámite de emenda ao baremo provisorio ás persoas aspirantes que non tiveran formulada reclamación no prazo establecido na Resolución do 25 de abril de 2023 desta comisión*

Mediante Resolución do 25 de abril de 2023 desta Comisión de Selección publicada ese día na páxina web da consellería, aprobáronse e se fixeron públicas as puntuacións provisorias do baremo correspondente aos procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B) (DOG n.º 206, do 28 de outubro, corrección de erros, DOG n.º 216, do 14 de novembro).

No apartado terceiro da dita resolución establecíase un prazo de dez (10) días hábiles para que as persoas interesadas puideran formular as reclamacións que considerasen oportunas por medios electrónicos contra a puntuación provisorio, de conformidade co apartado sétimo da base décimo primeira da citada orde.

Este prazo abrangúa desde o 26 de abril ata o 10 de maio de 2023, ambos os dous incluídos.

De conformidade co que antecede, logo de transcorrido o antedito prazo habilitado para efectuar o trámite de reclamacións ao baremo provisorio e, consonte co disposto no artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, esta Comisión de Selección,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar decaído do dereito ao trámite correspondente á reclamación á puntuación provisional ás persoas aspirantes que non tiveran formulada reclamación no marco deste procedemento, no prazo establecido para estes efectos.

Segundo. Publicar esta resolución no portal web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Esta publicación surtirá efectos de notificación ás persoas interesadas consonte ao establecido no artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Terceiro. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun (1) mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de conformidade co establecido nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O presidente da Comisión de Selección

José Luis Canosa Baldomir

